

# Día da Paz

CEIP Milladoiro. Xaneiro de 2014

## Lemos en PAZ

Con motivo da celebración escolar do Día da Paz, os equipos de Biblioteca e NL propoñen as seguintes actividades:

Desde o Luns 27 ao Venres 31:

**Lectura do profesorado** nas aulas (seguindo o calendario habitual da HL) segundo o seguinte planning:

	EI 3	EI 4	EI 5	1º	2º A	2ºB	3º	4º	5º	6º
<b>L (27)</b>	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<b>M (28)</b>	2	3	4	5	6	7	8	9	10	1
<b>Mc(29)</b>	3	4	5	Marce	Marce	Marce	9	10	1	2
<b>X (30)</b>	Marce	Marce	Marce	6	7	8	10	1	2	3
<b>V (31)</b>	5	6	7	8	9	10	1	2	3	4

Os números correspondentes cos libros escollidos son:

1. Seis barbudos
2. O segredo de Flora
3. A guerra dos números
4. Bicho
5. Negros e brancos
6. Me llamo Paz
7. A pomba Dona Paz
8. Batalla de naipes
9. A bibliotecaria de Basora
10. La escuela secreta de Nasrim

O funcionamento é simple: os libros están nun andel da biblioteca. O luns (27) cada profesor collerá o que ten asignado e lerallo aos seus escolares na HL. Ao rematar pasarállo xa á aula onde teña que ser lido no seguinte día. Se o facemos así, evitaremos andar buscando polo libro na HL do seguinte día.

Hai outro andel (a carón) con lecturas tamén axeitadas ao tema pero que non foi posible incluír na selección (só collían 10 títulos) A idea é que poidades recomendarlas entre o voso alumnado se o considerades oportuno.

As lecturas foron seleccionadas atendendo á diversidade de acepcións da palabra **PAZ**. Non só como o contrario da **GUERRA**. Tamén atendendo aos múltiples conflitos que xurden na vida cotiá (o mal humor, as diferencias que nos apartan dos outros, os prexuízos...)

Nada impide que o profesor prepare a lectura e, despois de lerlles o libro *anime* o texto como considere oportuno. Moitos dos contos escollidos están en formato audiovisual e xa están colgados no noso blogue de lecturas: <http://nautilusmil.blogspot.com.es> (que aparece nas lapelas superiores como *Leohle*)

O Mércores 29 (para 1º ciclo) e o xoves 30 (para EI) proxectaremos na Biblioteca o audiovisual *Marce o carteiro*

O Xoves 30, **Día da PAZ**, tras a HL, biaxaremos ao patio, cantaremos xuntos: *Os nenos dan a lata pola Paz* e intercambiaremos as nosas latas coas mensaxes de paz

## Latucada pola paz

Para preparar o acto conxunto precisaremos de:

- unha lata, protexer a zona por onde se abre, pedirlle a un adulto que faga dous buratos (un a cada lado da lata) e colocar un cordel para colgala no pescozo.
- un pau ou dous para tocar a lata.

Na aula, adornarémola da maneira máis bonita posible (empregando a nosa creatividade) e incluiremos unha mensaxe con pensamento positivo (con palabras, con debuxos, con símbolos...)

O 30, despois da HL, baixaremos ao patio ao ritmo das latas e alí cantaremos a canción da latucada.

Ao rematar intercambiamos as latas coas mensaxes de paz.

E este é a canción

<http://www.youtube.com/watch?v=Rm7Gmhr2QMY>

## **Cartas pola PAZ**

Cada escolar escribirá a súa carta nun folio. Posteriormente todos xuntos serán encadernados dando forma ao noso **Libro de cartas pola PAZ**.

Con esta actividade, ademáis dos obxectivos xa explicados, daremos comezo ás actividades do *Contrato-Programa* no referente á Lingua, que como sabedes solicitamos a finais do curso pasado e foinos concedido.

As cartas terán o esquema textual normalizado (data, destinatario, saúdo, exposición, petición, despedida)

Os destinatarios serán escollidos polo/a autor/a da carta entre aquelas persoas que consideremos que poden tomar medidas para facilitar a PAZ (presidentes dos gobernos, alcaldes...) ou cos queiramos poñernos en PAZ (un ex-amigo...) ou poden ter elementos fantásticos (científicos, superheroes...) dependendo de como se prentexe a actividade en cada aula.

O ideal é que se escriban cartas persoais: 1 escolar – 1 carta

No blogue da biblio atoparedes recursos nunha páxina especial enlazada no apartado *Recursos*

Esquema textual

## A CARTA

	<b>PERSOAL</b>	<b>OFICIAL</b>
<b>Lugar e data</b>		
<b>Presentación</b>	(non se precisa)	Identificámonos: nome e apelidos, enderezo, nº de DNI (se procede)
<b>Saúdo</b>	Ola...!, Querido/a..., Benquerido/a, Prezado/a...	Sr /a... Excmo/a Sr/a..., Ilmo/a Sr/a..., Estimado/a...
<b>Corpo</b>	-contamos cousas nosas - interesámonos polas do destinatario/a	<b>Expón</b> (contamos o motivo da nosa carta e os nosos argumentos coas menos palabras posibles) <b>Solicita</b> (contamos o que pedimos)
<b>Despedida</b>	Cercana e cordial ( <i>Un bico, Unha morea de bicos, Unha forte apreta...</i> )	<i>Atentamente, Saúdao atentamente...</i>
<b>Sinatura</b>	Abonda co nome do remitente	Nome e apelidos
<b>Pé</b>	(non se precisa)	Cargo do destinatario

## Sobre:

Cara A:

Nome e apelidos do destinatario

Enderezo (rúa, número, andar)

Código Postal e nome da localidade

Provincia

Cara B: (chámase Remite)

Nome de quen envía

Enderezo (rúa, número, andar)

Código postal e nome da localidade

Provincia